

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESULTADOS DEFINITIVOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "SERVIZO DE SOCORRISMO EN PISCINAS MUNICIPAIS" DO CONCELLO DE CURTIS, ASÍ COMO PARA APROBAR UNHA LISTA DE CONTRATACIÓN E CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS

EXPEDIENTE: 2021/G003/000394

Exp. Persoal: 2021/E001/000015

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Vista a Orde do 12 de abril de 2021 pola cal se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e a súa convocatoria para o exercicio 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril de 2021).

Vista a solicitude de achega para a posta en marcha do servizo de socorrismo en piscinas municipais do Concello de Curtis.

Vista a resolución da alcaldía núm. 355/2021 do 10/06/2021 pola cal apróbanse as bases do proceso selectivo para a contratación de socorristas.

Vistas as candidaturas remitidas polo Servizo Público de Emprego e as instancias presentadas polos candidatos propostos pola mesa

Vista a resolución da alcaldía núm. 366/2021 de data 17/06/2021, mediante a cal apróbase a listaxe de admitidos e excluídos no proceso selectivo, o nomeamento do tribunal cualificador e lugar e data de celebración da fase de concurso.

A valoración dos méritos ten lugar o 18/06/2021 na Casa Consistorial do Concello de Curtis, segundo a acta emitida polo tribunal cualificador a tal efecto, concedendo un prazo dun día hábil a efectos de presentar as alegacións que se estimasen oportunas.

Transcorrido o prazo de alegacións sen ter recibida algunha, a proposta do tribunal elévase a definitiva.

Con data 23/06/2021 nº RE 1236 e nº RE 1237, don Juan Carlos González Sanjurjo e don José Francisco Vilariño Castiñeira, respectivamente, presentan a documentación requirida na Base Novena para proceder á súa contratación laboral.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a contratación de socorristas, como persoal laboral temporal, para a realización da obra ou servizo denominado "servizo de socorrismo en piscinas municipais" do Concello de Curtis, así como para aprobar unha lista de

contratación:

ORDE	DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
1º	*427R	González Sanjurjo, Juan Carlos	4,70
2º	*436Z	Vilariño Castiñeira, José Francisco	0,20

SEGUNDO.- Proceder á contratación dos seguintes aspirantes coma socorristas das piscinas municipais de Curtis, mediante contrato de obra ou servizo coa cláusula específica de traballo de interese social, a xornada completa, dende o 23/06/2021 ata o 31/08/2021:

DNI	Apelidos e Nome
*427R	González Sanjurjo, Juan Carlos
*436Z	Vilariño Castiñeira, José Francisco

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución aos interesados e ao departamento de persoal aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez